

“Un mar de saberes”

XORNADA CONMEMORATIVA DO DÍA MARÍTIMO EUROPEO

A xornada “Un mar de saberes” organízase con motivo da celebración do Día Marítimo Europeo, que ten como finalidade recuperar o mar e todo o relacionado con el como parte do acervo común de Europa.

Os proxectos europeos **Fishernet** (Fishing Heritage Network) –Programa Cultura da Unión Europea–, **Dorna** (Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico) e **NEA2** (Nautismo Espazo Atlántico 2) –Programa Espazo Atlántico–, que teñen como cerne traballar sobre elementos patrimoniais vinculados ao mar, acordaron organizar conxuntamente unhas xornadas que, á vez que reivindican o mar como patrimonio común dos galegos e dos europeos, sirvan para mostrar os traballos en realización en todos os proxectos.

O patrimonio cultural do mar ten en Galicia unha grande importancia; non sen causa o mar é un dos nosos elementos de identidade. Galicia é en canto é mariñeira e pescadora. E nesa identidade facemos de elementos do mar símbolos das nosas actividades cotiás ou lúdicas. A rianxeira acompaña un dos nosos equipos de fútbol, os Catro vellos mariñeiros cerran moitas noites de festa, as sardiñas fan do San Xoán a festa popular por excelencia. E todos sabemos que onde hai patrón non manda mariñeiro.

Pero o rico patrimonio marítimo de Galicia está en risco de abandono. Se non o facemos producir e xerar nova riqueza, vai ser abandonado. Conservalo e poñelo a producir é o elemento común dos tres proxectos europeos que convocan a xornada. Rescatar do esquecemento os saberes do mar e usalos para crear novas actividades e empregos. Nas áreas da cultura, da carpintaría de ribeira e das actividades náuticas de lecer, traballan basicamente cada un dos proxectos e nelas se relacionan.

“Un mar de saberes” quere enfocar as olladas sobre o patrimonio marítimo galego e sobre o seu uso na xeración de riqueza, ou, o que é o mesmo, sobre a súa conservación.

Programa:

Día 22 de maio de 2010.

Lugar: Salón de actos da lonxa do
Freixo. Outes.

- 1.- 10:00 h - Inauguración.
- 2.- 10:30 h - “Patrimonio marítimo e nautismo”. **Víctor Fernández González. Presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.**
- 3.- 11:00 h - “A carpintaría de ribeira: valor patrimonial, valor de futuro”. **Gerardo Triñanes Domínguez. Presidente da Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira.**
- 4.- 11:30 h - “A carpintaría de ribeira na provincia da Coruña no Antigo Réxime”. **José Manuel Vázquez Lijo. Historiador.**
- 5.- 12:00 h - Recital poético.
- 6.- 12:30 h - Paseo náutico / Visita a unha carpintaría de ribeira.
- 7.- 16:30 h - Paseo náutico / Visita a unha carpintaría de ribeira.

Folla de inscrición

D./D.^a,

da entidade

de.....,
desexo inscribirme nas xornadas “Un mar de saberes”, que
terán lugar o próximo día 22 de maio ás 10 horas no salón de
actos da lonxa do Freixo (Outes).

Teléfono de contacto:.....

Correo electrónico:.....

Día límite de inscrición: **20 de maio.**

Enviar por correo electrónico os datos indicados a
teresa.rojas.suarez@xunta.es

**Por limitacións da embarcación, os paseos
náuticos están restrinxidos aos 40 primeiros
inscritos.**

“Un mar de saberes”

Folla de inscrición

XORNADA
CONMEMORATIVA DO DÍA
MARÍTIMO EUROPEO

derna
Desenvolvemento Organizado e Sostible
de Recursos no Noroeste Atlántico

 fishernet
fishing cultural heritage network

NEA2
Nautisme Espace Atlantique

 **ESPACIO ATLÁNTICO**
Programa Transnacional

 **EACEA**
Education, Audiovisual & Culture
Executive Agency

Día 22 de maio
de 2010
Salón de actos da
lonxa do Freixo.
Outes.

Desenho e produción-Taller DD _D.L.- C 1496-2010 / Construíndo un bote polbeiro na carpintaría de Purro. Bueu. © Foto - Fidel Simes



“Un mar de saberes”

XORNADA
CONMEMORATIVA DO DÍA
MARÍTIMO EUROPEO

Día 22 de maio
de 2010

Salón de actos da
lonxa do Freixo.
Outes.

